

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 16/8/16

O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO PIDE QUE A FESTA DO PULPO NON PERDA POTENCIAL ATRACTIVO.

A FALTA DE ALUMEADO FESTIVO, DA TIRADA DE FOGOS ARTIFICIAIS, DAS XORNADAS GASTRONÓMICAS, A FALTTA DE ORQUESTAS DE REFFENCIA A MALA ORGANIZACIÓN DO DESFILE DAS CAMISETAS OU O DESMANTELAMENTO DO FESTIVAL FOLCLORICO NO PARQUE, SON ALGUNHAS DAS COUSAS QUE DESLUCIRON OS DIAS DE FESTA.

TAMPOUCO COMPARTIMOS A CIFRA DADA POLA ORGANIZACIONES DE NUMERO DE ASISTENTES, POIS TANTO RESTAURADORES COMO PULPEIROS FALAN DE QUE VENDERON MENOS QUE O ANO PASADO.

O Partido Popular do Carballiño, agradece ao Concello do Carballiño, que siga co modelo iniciado polo anterior goberno municipal de reforzar con actividades nos días previos ao segundo domingo de Agosto, facendo da nosa Festa un evento máis atractivo.

Pero é unha evidencia que nós podemos comprobar e facémonos eco de moitos dos comentarios que nos achegan os veciños, de que estos días sorprenderon máis pola falta de actividades que parecían consolidadas que pola aportación de novas aportacions innovadoras.

Temas como a tirada de fogos, as xornadas gastromómicas, ou a presenza de orquestas de referencia que eran actividades duradeiras no tempo botáronse de menos. A mala organización do que pretendeu ser un desfile das peñas das camisetas ou a falta de respecto á nosa tradición facendo bailar aos grupos folclóricos no chan, sen palco no Parque municipal tal como se viña facendo dende fai 30 anos e que fora un dos argumentos para a declaración de interese turístico nacional por potenciar o noso folclore tradicional.

Respecto ao número de persoas asistentes o Domingo no Parque é menor que anos anteriores, toda vez que na víspera, incluso no recinto oficial sacáronse mesas para que non se viran desocupadas. E falando cos restauradores do Parque tamén falaban de menos persoas que en anos anteriores.

O Partido Popular sempre estará pendente desta Festa, e non poden decir dende o Concello que non sexamos participativos nin colaboradores, e deixamos que pasase a festa para decir os aspectos que consideramos se deben de mellorar ou rectificar para posteriores edicións.

Viva a Festa do Pulpo.